

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Cidrás Pidre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Membiola Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Vázquez Otero, María Elsa  
DECANOS/DIRECTORES:

González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pousada Carballo, José María  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vidal Vázquez, Ricardo  
PDI-A:  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Domínguez Martín, Jorge  
Legido Soto, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
PDI-B  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Rodeiro Iglesias, Javier  
ESTUDANTES  
Álvarez Pereira, Carmen Susana  
Gómez Fernández, Sadoth  
Tourón Estevez, Sonia  
Varela Martínez, Iago  
PAS  
Bernal Gómez, Rosa  
Cebro Rodríguez, Anxo M.  
Mollinedo Lois, Carlos  
CONSELLO SOCIAL:  
López Atrio, María Laura

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fariñas Valiña, Iago  
Riobó Fernández, Aida  
Riós Currás Moisés  
Puga Alonso, Javier  
Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 12 de febreiro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O xoves, día 12 de febreiro de 2009, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes mestrados oficiais: mestrado en educación secundaria, mestrado en lingüística galega e mestrado en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases.
5. Aprobación, se procede, da convocatoria de programas de doutoramento para o curso académico 2009/10.
6. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria.
7. Aprobación, se procede, da Normativa sobre custos indirectos dos proxectos europeos no período de transición.
8. Aprobación, se procede, do Convenio de cooperación académica coas Universidades de Granada, Complutense de Madrid, Málaga, Pablo Olavide, Santiago de Compostela e Valencia para a impartición do “mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases”.
9. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
10. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).
11. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2009.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Informa o reitor do nomeamento dos seguintes cargos: D. Francisco Javier Rodríguez Martínez, profesor visitante da área Linguaxes e Sistemas Informáticos, como responsable da Oficina de Software Libre e D. Javier Pérez Guerra, profesor titular de Filoloxía Inglesa, director da área de Implantación de Títulos de Grao.

Informa tamén o reitor de que o borrador do Estatuto do Estudante Universitario está colgado na Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, por parte da COAP, reunida o pasado 04/02/09, deuse informe favorable das seguintes solicitudes de prazas de profesor titular de universidade:

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Historia Contemporánea (450) (Departamento H05 Historia, Arte e Xeografía). Trátase dunha praza correspondente ao Programa especial de promoción do ano 2007. O profesor asociado D. Julio Prada Rodríguez que foi seleccionado na dita convocatoria do Plan de promoción acadou acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Filoloxía Inglesa (345) (Departamento H04 Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá). Trátase da maioración a PTU dunha praza correspondente ao Programa especial de promoción do ano 2006, que preveía prazas de contratado doutor. A investigadora Parga Pondal Dna. Ana Elina Martínez Insua, que remata o seu contrato o próximo 30/09/09, e que foi seleccionada na citada edición do plan de promoción, acadou acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Por parte da COAP, deuse tamén informe favorable da solicitude dunha praza de catedrático de universidade na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular (060) (C03 Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía). O profesor titular de universidade D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal acadou acreditación e ten tres tramos de investigación polo que entra dentro do suposto do apartado B) do acordo de Consello de Goberno de 26/01/08 relativo a criterios e procedemento de promoción ao corpo de catedráticos de universidade.

Deuse tamén informe favorable a seis solicitudes de prazas de catedrático de universidade que entran dentro do suposto do apartado A) do mesmo acordo de Consello de

Goberno. Na documentación que se remitiu aos membros de Consello de Goberno consta unha táboa que reflicte o número de profesores con vinculación permanente e o número de catedráticos de universidade que computan para a aplicación do apartado A) do criterio. Repasa seguidamente os nomes das áreas e departamentos correspondentes a cada solicitude:

Área 410 Fisioloxía. Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde. Profesor acreditado: D. José Luis Soengas Fernández.

Área 760 Química Inorgánica. Departamento de Química Inorgánica. Profesor acreditado: D. Ezequiel M. Vázquez López.

Área 280 Estratigrafía. Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio. Profesora acreditada: Dna. Soledad García Gil.

Área 225 Economía Aplicada. Departamento de Economía Aplicada. Dúas prazas. Profesora e profesor acreditados: Dna. Dolores Garza Gil e D. Xabier Labandeira Villot.

Área 398 Física da Terra. Departamento de Física Aplicada. Profesor acreditado: D. Luis Gimeno Presa.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, dos seguintes mestrados oficiais: mestrado en educación secundaria, mestrado en lingüística galega e mestrado en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que se trata de dous mestrados de carácter investigador (mestrado en lingüística galega e mestrado en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfases) e un de carácter profesionalizante (mestrado en educación secundaria).

Todos eles teñen pasado os trámites pertinentes previstos na normativa vixente e contan con informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao de 9 de febreiro de 2009 e tamén do Consello Social reunido o día 11 de febreiro.

No que respecta ao mestrado en educación secundaria, se propón un cambio de denominación fronte ao que aparece na memoria inicial aprobada polo centro, debido a unha alegación que sinala a necesidade de que a mesma se axuste ao establecido na orden correspondente. Polo tanto a denominación do mestrado que se propón é mestrado para o profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

Apróbanse por asentimento os mestrados (**anexo en CD**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da convocatoria de programas de doutoramento para o curso académico 2009/10.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que se trata de continuar co proceso xa iniciado de aprobación dos programas de doutoramento. E recorda que o mesmo está formado por un período de formación e un de investigación, por esa razón, se remitiron á Aneca no mes de decembro os mestrados de carácter investigador e agora se inclúen os aprobados hoxe. Polo tanto, todos os mestrados se encontran en estado de verificación. Agora trátase de dar os pasos seguintes, de acordo coa Resolución do Ministerio o único que ten que ir a Aneca é o período de formación e deben indicarse os créditos que se van empregar para completar ese período e poder acudir ao período de investigación do programa de doutoramento.

Seguidamente, expón o contido concreto da convocatoria de programas de doutoramento para o curso académico 2009/10, que consta no **anexo I**.

O Prof. Berrocal pregunta, en relación ao programa de doutoramento de ciencias da saúde que da cabida a licenciados en medicina, se eles pasarían directamente ao programa de doutoramento.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea resposta que a Resolución do Ministerio sinala que o programa de doutoramento se organiza internamente polas universidades e, neste momento, non se ten que enviar nada; polo tanto, se estudará que facer nestes casos para este perfil de ingreso.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria.

Cédese a palabra á xerente da Universidade quen sinala que en xuño de 2008 se aprobou un protocolo de intencións e colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e Coruña e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións de Xestión Universitaria, no que se indica que as partes asinantes teñen como obxectivo converxer cara sistemas informáticos, que integren os diferentes procesos de xestión universitaria, especialmente nos ámbitos de xestión académica, xestión da investigación, xestión económica e información á dirección que permitan ter información en tempo real para a toma de decisións, homoxenizen os criterios da súa obtención e faciliten o intercambio da mesma, tanto entre as universidades asinantes, como entre estas e a administración da Comunidades Autónoma ou calquera outra administración. Así mesmo, consideran a necesidade de unificar os procedementos de xestión, salvando as peculiaridades propias de cada universidade e os seus sistemas informáticos cara a un sistema común no SUG.

En coherencia co anterior, manifestase o interese da Universidade de Vigo en integrarse no Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas para xestión universitaria nas condicións que establecen os Estatutos que se inclúen na documentación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da Normativa sobre custos indirectos dos proxectos europeos no período de transición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación quen sinala que esta normativa ven motivada polos cambios producidos no VII Programa marco en canto neste momento todos os participantes no mesmo teñen que utilizar un sistema de custos totais e hai un cambio nos custos adicionais que pasan do 20% a un sistema no que non existe contabilidade real, cun 60% de custos ata o ano 2010, que pasan ao 40% nos anos seguintes. Prodúcese un cambio nas porcentaxes de financiamento: pásase do 100%, con 75% actividades demostración e 100% formación, xestión, a 75% actividades I+D, 50% actividades demostración e 100% formación, xestión.

A proposta que se fai a este Consello de Goberno, aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación é manter o 10% dos custos indirectos; e dos recursos liberados dispoñibles, quedaríase a Universidade un terzo e os dous terzos restantes serían para o grupo de investigación de xeito libre na mesma medida que nos contratos programa, coa salvedade de que se poderían facer pagamentos persoais cunha detracción total do 10% adicional en custos indirectos. O ingreso ao investigador dos recursos liberados dispoñibles efectuaríase de forma gradual segundo a seguinte táboa:

<b>1ª ano</b>	<b>2º ano</b>	<b>3º ano</b>	<b>4º ano</b>
<b>orçamento</b>	<b>orçamento</b>	<b>orçamento</b>	
	<b>50% RLD do 1º ano</b>	<b>50% RLD do 1º ano</b>	
		<b>50% RLD do 2º ano</b>	<b>50% RLD do 2º ano</b>
			<b>RLD reais restantes</b>

O Prof. Legido intervén para sinalar que non todos os grupos de investigación teñen contrato programa debido a que as subvencións son incompatibles, ante o que pregunta se se vai facer un contrato programa especial para cada grupo. Pregunta tamén se non sería posible que todos os grupos que queiran facer un contrato programa poidan abrir partidas incluíndo todo tipo de ingresos.

Debátese sobre o tema con intervención do Prof. Legido e a vicerreitora de Investigación.

Intervén o Prof. Berrocal para sinalar que o contrato programa é unha ferramenta moi boa para os grupos de investigación da Universidade e é unha mágoa que se perda o mesmo porque se teña un contrato programa coa Xunta. Deste xeito, os grupos de referencia queren ter un contrato programa coa Universidade.

O reitor sinala que debe estudarse o tema, porque na administración pública non se poden casar partidas senón que todas deben deixar a súa pegada.

O Prof. Ortiz pregunta se esta normativa afectará tamén aos proxectos do VI Programa marco. Ao que a vicerreitora resposta que só afecta aos do VII Programa marco.

O reitor conclúe que o obxectivo que se persegue é claro, trátase de non perder unha ferramenta flexible polo tema da mellora e encarga á vicerreitora de Economía o estudo do tema.

Apróbase por asentimento a normativa que se recolle no **anexo II**.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do Convenio de cooperación académica coas Universidades de Granada, Complutense de Madrid, Málaga, Pablo Olavide, Santiago de Compostela e Valencia para a impartición do “mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces”.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

**Punto 10.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).

A secretaria xeral sinala que non hai candidatos presentados.

**Punto 11.** Rogos e preguntas.

O Sr. Varela intervén para preguntar se, á vista da situación económica que se está vivindo, se ten pensado aumentar as bolsas e baixar as taxas académicas para as familias con dificultades. En segundo lugar, pregunta tamén sobre o calendario de adaptación ao EEES e se existe opinión por parte da Universidade sobre a redución do número de prazas no mestrado de educación secundaria. Interésase tamén polo tema do transporte.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea empeza contestando a segunda cuestión e sinala que esta ano xa está en vigor un calendario para grao e mestrado. O mesmo que nas Universidades da Coruña e Santiago. Empézase o curso a terceira semana de setembro e remata o primeiro cuatrimestre en febreiro. Neste mes hai un período de avaliación e o que suspenda non aparece na acta. En xuño haberá tamén un período de avaliación e novamente os que suspenden non aparecen na acta. En xullo haberá un período de avaliación para os que non superan a materia. Estase experimentando con este calendario, que xa leva tempo aplicándose en posgrao pero non en grao. Para o vindeiro curso académico vaise facer unha proposta conxunta polas tres universidades e neste momento se están intercambiando borradores. No seu momento se traerá a Consello de Goberno para a súa aprobación, pero antes se falará cos centros.

No relativo ao mestrado en educación secundaria, tendo en conta que o practicum é longo, fíxose un estudo por parte da Xunta de Galicia sobre as necesidades de cadro de persoal e repartiron as prazas resultantes entre as tres Universidades. A Universidade de Vigo

ten capacidade para ofertar mais prazas pero agora tamén debe terse en conta que o mestrado tamén esixe mais presencialidade (80%) o que é moi distinto ao actual CAP. Estarase moi atentos á demanda para facelo saber á Xunta.

En relación ás bolsas, recorda o reitor que a función esencial das Universidades non é redistribuír renda. En coherencia con isto, a vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes recorda que o Ministerio ten un programa de bolsas amplo de acordo co sistema de renda e o 22% do alumnado da Universidade de Vigo ten algún tipo de bolsa que, como pouco, é equiparable á matrícula. Recorda tamén que o tema das taxas é competencia da Xunta.

A vicerreitora de Economía, en relación ao tema do transporte, sinala que no Concello de Vigo teñen un informe preliminar sobre esta cuestión e teñen en marcha un estudo global sobre o mesmo e piden colaboración para levalo a cabo e poder determinar as medidas de mellora.

A Sra. Álvarez Pereira, en relación á piscina do campus de Ourense, sinala que os prezos son distintos aos de Vigo e tamén as prestacións que ten a mesma.

O reitor sinala que se estudará o tema.

O Prof. Muñoz insiste nun tema xa suscitado neste Consello de Goberno, relativo ao baixo número de axudas acadadas nos programas da Xunta para os alumnos que van facer posgrao, por exemplo no programa María Barbeito, no que a Universidade só acadou 16 de 80. Considera que é un tema grave e que deben adoptarse medidas para que os expedientes académicos sexan equiparados nas tres universidades galegas. Tamén pregunta pola situación da Biblioteca de Ciencias en canto parece que está rematada pero os centros non saben cando vai estar en funcionamento.



O vicerreitor de Planificación sinala en relación ao tema da Biblioteca de Ciencias que esta pendente do informe final do arquitecto sobre a obra e dos exteriores.



A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes sinala en relación ao baixo éxito dos estudantes nas convocatorias da Xunta, que é un problema preocupante. E entende que o tema deberá ser estudado con detalle. A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea engade que hai unha comisión de xestión académica común entre as tres universidades que ten como obxecto harmonizar as formas de actuación das tres universidades en temas de xestión académica e, ademais, ao estar en Xescampus, as medias dos estudantes se farán igual e os expedientes académicos será iguais.

O Prof. Legido roga que se adopten medidas para que a busca de información na web sexa sinxela.

A xerente da Universidade sinala que se está a facer unha nova web seguindo o criterio da maior accesibilidade posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:07 horas do día 12 de febreiro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

 O reitor  
  
Alberto Gago Rodríguez

 A secretaria xeral  
  
Esther M. González Pillado